

Zapatiños para Díaz Castro

2naFronteira

Carmen Penim-Maurizio Polsinelli

PROMOCIÓN ESPECIAL!!

O dúo **2naFronteira** musica nesta ocasión gran parte da obra **Nimbos** do poeta **Díaz Castro**. Son un total de 15 cancións para voz, piano e harmonio. Entre as poesías musicadas están *Penélope*, *Nimbos*, *A noite é necesaria*, *Coma unha espada*, *Coma un río*, *Ai, capitán*, *Quezais*, etc.

Todo isto coa característica orixinalidade e calidade destes músicos, o que vencellado a unha interpretación apaixonada no directo, os convirte nunha das propostas musicais máis interesantes e innovadoras do momento.

O dúo vén xa musicando dende hai anos ós poetas galegos, así como poemas de F.Pessoa e o libro *Seis poemas Gallegos* de García Lorca. Presentaron traballos seus no Parlamento de Galicia, no Culturgal (2013), no Couto Mixto e en diversos auditorios de Galicia, España e Italia.

Esperan agora con estes **zapatiños** musicais contribuir humildemente a que os poemas de Díaz Castro camiñen máis lonxe por Galicia adiante neste ano da súa celebración.

Agora, de xeito excepcional e ata que saia o disco a primeiros de abril, coa ocasión da edición deste traballo, vostede pode reservar o seu exemplar (firmado, se o desexa) a: 10 € (incluído iva e gastos de envío dentro de Galicia) un prezo menor do que sairá ó mercado. Só ten que porse en contacto cos músicos en 2nafronteira@gmail.com. Grazas!



“Son quince poemas nos que a música fainos chegar a peculiaridade e a emoción dos seus reveladores versos. Outros músicos, outros intérpretes poden proporcionarnos unha versión distinta destes magníficos poemas, pero na presente versión, as notas musicais e a voz de Carmen Penim constitúen un achegamento á sutil poética de Díaz Castro que potencia os valores líricos das composicións escolleitas. Despois do recital, memorizamos os mellores versos desta antoloxía de Díaz Castro no son e coas cadencias de Carmen Penim e Maurizio Polsinelli.”

Xesús Alonso Montero
Presidente da Real Academia Galega